

**A** *erregueté* 91, correspondente ao número de verán 2017, adianta a súa saída habitual para acompañar un dos encontros destacados da escena galega: a Galicia Escena Pro. Para o segundo número de 2017, a **Revista Galega de Teatro** quixo contar coa mirada de diferentes especialistas dos eidos da distribución, a produción e a programación teatral coa intención de achegar dun xeito plural e construtivo as fortalezas e as feblezas dun espazo que canaliza a exhibición do traballo das compañías. Intimamente ligada coa distribución na Rede Galega de Teatros e Auditorios, a GEP constitúe ademais unha cita para facilitar o intercambio interno e a distribución exterior. Sobre ela, a revista quixo centrar a súa sección TEMAS, intentando concentrar pistas dun mapa posible para calquera reforzo neste terreo.

Coa vontade de completar esta sección e falar do deseño desta edición de GEP e dos seus criterios de selección, a *erregueté* solicitou unha entrevista con Jacobo Sutil, director da AGADIC. De igual xeito, de interese resultaba o coñecer o estado das conversas coa Asociación de Actores e Actrices de Galicia sobre o proceso da selección de elenco do Centro Dramático Galego no futuro –feito que puxo ao CDG en boca de todos con maior rotundidade que o de que a súa última produción fose unha peza de Valle en lingua galega. Aínda que a solicitude foi temporalmente declinada, a revista confía poder realizala proximamente.

Quen non descartou a posibilidade de achegarse ao lectorado da *erregueté* foi un dos pioneiros do teatro profesional galego e primeiro director do CDG, Eduardo Alonso. Nun ano no que Teatro do Noroeste, compañía da que foi co-fundador, celebra o seu trixésimo aniversario e no que vén de ser galardoado co Premio de Honra Marisa Soto que a AAAG outorga anualmente, Alonso reflexiona neste número sobre a evolución do proxecto profesional do teatro galego e da necesidade de transparencia no teatro institucional.

A *erregueté* 91 dedica o seu PROSCENIO a outro dos eventos destacados da primavera: os Premios María Casares. Na crónica que asina a xornalista Montse Dopico, a revista recolle a denuncia

da escaseza de papeis femininos protagonistas no teatro galego e suma a da ausencia de premiadas noutras disciplinas, ademais de apuntar outros retos como o da obtención dunha Lei de Artes Escénicas, cuxo anteproxecto foi xa elaborado polo sector. Onde non faltan mulleres é no Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico ao que nos achegamos da man da dramaturga Clara Gayo, gañadora da edición de 2016 e integrante dun xurado formado maioritariamente por mulleres. Será que o mapa tamén prepara o territorio?

Xunto cos avances de citas ineludibles do verán da escena galega como son a Mostra de Teatro Cómico e Festivo de Cangas, o festival Corpo(a)Terra, a Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia ou a Mostra de Teatro de Cariño, a *erregueté* 91 ofrece unha nova entrega de críticas no papel dentro da sección ESPECTÁCULOS con traballos de Galicia e Portugal. Entre elas, recuperamos o traballo de Laura Porto sobre *Martes de Carnaval*. Celebramos o interese e os comentarios suscitados con esta reseña no magazine virtual e, co convencemento da necesidade de intercambiar pareceres e alimentar o debate sobre o feito artístico, desexamos que este se desenvolva sempre con paixón e vehemencia sen coartar a quen escribe nin argumentar con imprecisións con aparencia de falsidade. Despois de todo, a percepción sempre intercede entre a realidade e o «eu» de cada quen. O mapa nunca é o territorio.

Por último, temos o pracer de presentar un novo texto teatral. É o caso de *Os cans non comprenden a Kandinsky*, de AveLina Pérez. Con el, a revista suma á súa colección de teatro contemporáneo un novo título que podemos atopar ao vivo nos escenarios da man da súa creadora, presente xa nas páxinas do número 85 da revista coa peza breve *Silencio*.

**Erregueté** 91: unha ferramenta para cartografar o territorio, para pensar a súa paisaxe revisar as súas posibilidades desde diferentes ópticas, para analizar as súas fallas e potenciar as súas forzas, para facelo dialogar entre disciplinas e avanzar cara a un outono no que poderemos contar aquelas cousas do verán e anunciar os posibles descontentos do noso inverno.